



## ACTA

En Arzúa, a 5 de xullo de 2016

Sendo as 10:10 horas, reúnense no Salón de Comisións dentro da Casa do Concello, os membros da Comisión Seleccionadora, que cualificará o **terceiro exercicio** sobre **coñecementos do idioma galego**, do que consta a terceira fase da oposición convocada para poder seleccionar ás tres persoas que desempeñarán o posto de traballo de **operarios de servizos varios**, por un período de dezaioito meses cunha xornada de traballo de vinte horas semanais ; e iso de conformidade coas bases aprobadas por Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 19 de maio de 2016.

Estando presentes os seguintes catro integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio ( Arquitecto técnico do Concello de Arzúa)
- Vogais:
  - Doña Ana Vallo Camba ( Axente de Emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto)
  - Don Ramón Verea Castelo ( Encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado ( Secretario do Concello de Arzúa)

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, de conformidade co disposto no artigo 26, nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común-; o Sr. Presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, dispoñendo que seguidamente se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego, momento no cal o secretario informou ao presidente que o aspirante José Rodríguez Rodríguez fora convocado erroneamente para realizar este exercicio, posto que entre a documentación presentada coa súa solicitude aportaba unha certificación firmada polo director e a secretaria do CEIP de Arzúa, con data de 18 de marzo de 2010, na que consta que, segundo a documentación que obra na secretaría do centro, realizou a valoración do Curso de Iniciación de Lingua Galega; e ata despois de ser convocado dito aspirante, os membros da Comisión Seleccionadora non foron informados de que ese curso de Iniciación é equivalente ao Celga 2; polo que non tería sentido realizar agora esa proba de galego, xa que se daría a circunstancia de que por estar en posesión do Celga 2 ou equivalente outórgase ao aspirante a puntuación de 2'5 puntos, (segundo o que se dispón na Base 10ª das que rexen a oposición); mentres que se realizara o exercicio de galego cabería a posibilidade de que non obtivera esa puntuación.

Tendo clara esta consideración anterior, a Comisión Seleccionadora, decidiu chamar ao aspirante que estaba esperando fóra da Sala de Comisións para realizar a proba, e ao exporlle a situación descrita, manifestou que non tiña inconvincente en

realizar a proba, pero que si lle ía a supoñer obter unha nota menor, preferiría non facelo, porque era consciente de que aportara un certificado equivalente ao Celga 2.

Ante o cal, e considerando os membros da Comisión Seleccionadora que se cometera un erro ao convocar ao aspirante por descoñecemento da equivalencia como Celga 2 do certificado aportado, despois de comentarlle ao aspirante que tivera a oportunidade de manifestar por escrito o seu desacordo coa convocatoria para a proba de galego cando se publicou no taboleiro de anuncios a acta da reunión anterior, o día 29 do pasado mes de xuño; acordouse por unanimidade dos catro membros integrantes en outorgar ao aspirante José Rodríguez Rodríguez 2,50 puntos nesta proba; así como aos aspirantes Jesús Veleiro Rosende, José Ignacio Vázquez Villares, Manuela Souto Vázquez e José Manuel Sánchez Espiñeira, xa que superaran tamén a proba realizada o día 29 de xuño de 2016 e acreditaran coa súa solicitude que estaban en posesión do Celga 2 ou equivalente.

E como resulta que segundo se dispón na Base 10ª das que rexen a oposición:

- a) A puntuación final do proceso de selección virá determinada pola suma da puntuación obtida na proba teórica, a proba práctica e a proba de galego, e
- b) Que para o suposto de que algún dos tres aspirantes propostos ao alcalde para a súa contratación non puidese acreditar os requisitos necesarios para ser contratado ou renunciase a tal contratación, trasladaríase a proposta de contratación a favor do seguinte aspirante en orde de puntuación, de maneira sucesiva.

Esta Comisión Seleccionadora, por unanimidade dos seus integrantes adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Formular ao alcalde a proposta de contratación para desempeñar os tres postos de traballo de operarios de servizos varios, a favor dos aspirantes: José Rodríguez Rodríguez (27,75 puntos), Manuela Souto Vázquez ( 24, 75 puntos) e Jesús Veleiro Rosende ( 23,45 puntos), co obxecto de realizar as funcións propostas na Base 2ª das que rexen o proceso de selección, por ser os que obtiveron as tres puntuacións máis altas ao final de dito proceso; ditas puntuacións son o resultado de sumar as puntuacións obtidas nas tres probas que integran a oposición, segundo o seguinte total:

NOME E APELIDOS	Exercicio teórico	Exercicio práctico	Proba galego	TOTAL
1. José Rodríguez Rodríguez	18,75	6,50	2,50	27,75
2. Manuela Souto Vázquez	15,75	6,50	2,50	24,75
3. Jesús Veleiro Rosende	13,75	7,20	2,50	23.45
4. José Ignacio Vázquez Villares	11,25	6,50	2,50	20.25
5. José Manuel Sánchez Espiñeira	10	6,50	2,50	19

Segundo. Concretar que para o suposto de que, algún dos tres aspirantes propostos para ser contratados, non puidese acreditar os requisitos necesarios para realizar a contratación ou renunciase a ela, a proposta de contratación trasladaríase a favor do seguinte, o segundo seguinte pola orde de puntuación obtida.

Terceiro. Disponer a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial dun exemplar da presente acta,

- a) Para coñecemento dos interesados e a efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e
- b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte ao da publicación desta acta) co obxecto de que os aspirantes propostos poidan presentar a documentación esixida na Base 13ª das que rexen a oposición.

Co cal dase por finalizado o acto ás 10:30 horas do día indicado; extendéndose a presente acta, para ser suscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para que conste no expediente. De todo o cal dou fe

